


MODELO DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA  
PARA O SISTEMA  
EDUCATIVO GALEGO



MODELO DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA  
PARA O SISTEMA  
EDUCATIVO GALEGO



**1. Situación actual**

<b>1.1.</b> Concepto de normalización Lingüística . . . . .	4
<b>1.2.</b> A normalización lingüística en Galicia e o seu marco legal . . . . .	6
<b>1.3.</b> A normalización lingüística no ensino e o seu marco legal específico . . . . .	10
<b>1.4.</b> O estado actual da normalización lingüística no ensino . . . . .	11
<b>1.5.</b> A precariedade do ensino en galego . . . . .	14

**2. Modelo**

<b>2.1.</b> Liñas xerais . . . . .	16
<b>2.2.</b> A normalización nas diferentes etapas educativas . . . . .	16
<b>2.2.1.</b> Educación Infantil . . . . .	16
<b>2.2.2.</b> Educación Primaria . . . . .	17
<b>2.2.3.</b> Educación Secundaria Obligatoria . . . . .	17
<b>2.2.4.</b> Educación Postobrigatoria . . . . .	17
<b>2.2.5.</b> Universidade . . . . .	18
<b>2.3.</b> Soporte. . . . .	18
<b>2.3.1.</b> Equipos de Normalización Lingüística . . . . .	18
<b>2.3.1.1.</b> Estructura . . . . .	18
<b>2.3.1.2.</b> Funcións . . . . .	19
<b>2.3.1.3.</b> Composición . . . . .	19
<b>2.3.2.</b> Acceso e formación inicial e continua . . . . .	20
<b>2.3.3.</b> Inspección educativa . . . . .	20
<b>2.3.4.</b> Medios e recursos para a dynamización do proceso . . . . .	21

**3. Etapa de transición**

<b>3.1.</b> Prazo . . . . .	22
<b>3.2.</b> Soporte específico . . . . .	22
<b>3.3.</b> Medidas transitorias para as diferentes etapas . . . . .	22
<b>3.3.1.</b> Educación Infantil e Primaria . . . . .	22
<b>3.3.2.</b> Educación Secundaria . . . . .	23
(E.S.O. e E.S.P.O.)	
<b>3.3.3.</b> Universidade . . . . .	23


---

Edita:  
Nova Escola Galega

Produce:  
item;aga

Imprime:  
Venus A.G.

Dep. Legal:  
C-1.832 - 1999



longo do ano 1988, o Grupo de Normalización Lingüística de Nova Escola Galega procedía a unha análise da situación da lingua galega no ámbito do ensino, logo de que a súa implantación estivese regulada polo Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e os Decretos e normas que a desenvolvían.

Esta análise amosaba un panorama de raquíticos avances e dunha carencia case absoluta de política lingüística planificada, con prazos e modelos establecidos. Por iso se procedeu a elaborar unha proposta concreta de actuación neste eido, concretada no documento *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego* (NEG)


Sen embargo, a virtualidade desta proposta só podía vir dada pola consecución do maior consenso e unificación de criterios posible con todas aquelas institucións e entidades que estivesen directamente relacionadas coa educación e/ou coa lingua. Por iso se procedeu a unha convocatoria aberta no seo das *II Xornadas de Normalización Lingüística* (NEG) e a unha sucesión de debates e postas en común, que deron como resultado a elaboración conjunta, con outras entidades e organizacións vincelladas á lingua e/ou ó ensino, do documento chamado *Modelo de Normalización Lingüística para o ensino*, publicado no 1989 e dado a coñecer á opinión pública e á propia Administración, co ánimo da súa aplicación.

Dez anos máis tarde, NEG, a través do seu Grupo de Normalización Lingüística, e á vista dos indicadores dos que podía disponer, estimou oportuno presentar outravolta unha análise da situación e realizar unha nova proposta que, orientada cara ó século XXI, poida ser formulada a institucións e entidades para chegar novamente a un acordo no tocante á normalización lingüística no ensino. O que vai a seguir constitúe ese documento-proposta.

Galicia, marzo do 1.999



## UN MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA EDUCATIVO CALEGO



Capa do Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino de 1989

O 30 de xuño de 1989, presentouse o primeiro Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino, promovido polas seguintes entidades: A.P.L.L. (Asociación de Profesores de Lingua Galega), ASPG (Asociación Sociopedagóxica Galega), BNG, CC.OO (Comisións Obreras de Ensino), Concello de Fene, Departamento de Filoloxía Galega (Universidade de Santiago), División de Estudios de Bilingüismo (ICE), Federación de APAs de Ferrolterra, Federación de Asociacións Culturais, Facultade de Filosofía e CC. da Educación, ICE (Instituto das Ciencias da Educación), ILG (Instituto da Lingua Galega), MNL (Mesa pola Normalización Lingüística), MCG, Nova Escola Galega, PSG-EG, SGEI (CXTG), SGTE, UTEG (INTG).

# 1. Situación actual

## 1.1. Concepto de normalización lingüística

Na súa esencia o termo *normalización* deriva da expresión *fazer normal*. Aplicado o concepto á cuestión lingüística, o proceso de normalización debe procurar que a lingua galega acade un status de normalidade en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e galegas, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas ó longo dos seis–cinco últimos séculos. Na concepción dese status de normalidade é precisamente onde se presenta o debate sobre a cuestión.

Constátase que a comezos do século XXI se ten conseguido xa que o galego sexa unha lingua *normal* na consideración que á ciudadanía lle merece como lingua, que sexa unha lingua *normal* no campo da política, en certas facetas administrativas e mesmo nun certo número de medios de comunicación. Trátase, hoxe por hoxe, dunha lingua de uso *normal*, tamén e a certos niveis, no ensino.

- De xeito paralelo ó proceso descrito, o galego foi profundando na súa *anormalidade* na vida cotiá, no día a día dos galegos e galegas, de tal xeito que se pode afirmar que, ó tempo que foi acadando un certo rango de lingua de prestixio, sendo mesmo precisa para acceder a certos postos de traballo, cun cada vez máis rico vocabulario en campos como o deporte, que antes lle eran vedados, foi perdendo vixencia como lingua de uso ordinario, único campo, en realidade, no que foi quen de sobrevivir en condicións extremas durante cinco séculos.

O debate existe cando algúns sectores sociais categorizan o momento actual da lingua como o desexado punto terminal do proceso de normalización. Doutra maneira, para uns os esforzos normalizadores deron xa os seus froitos conseguindo un certo bilingüismo, aparentemente equilibrado, entre as dúas linguas con presencia en Galicia. Para outros sectores, sen embargo, a análise, ademais de

negativa dende as perspectivas dos escasos logros acadados, deixa entrever que se perderon uns vinte anos fundamentais para a recuperación do idioma galego, postrándoo a unha situación de *normalidade de pantalla* unicamente, cando, na vida cotiá, se percibe cada vez con máis nitidez un sistemático avance da lingua castelá como lingua de instalación e mesmo de relación entre os galegos e galegas.

No terreo do ensino as diferentes perspectivas son tamén evidentes, tan evidentes que se poden diferenciar ata sete posibles concepcións do termo *normalización*, cada unha delas cos seus partidarios e cos seus detractores.

1. O galego é unha lingua de uso coloquial, sen presencia na escola.
2. O galego limita a súa presencia na escola á área de lingua e literatura galegas.
3. O galego é, tamén, lingua vehicular nalgúns árees, nomeadamente humanísticas.
4. O galego é lingua vehicular, metade por metade, xunto ó castelán.
5. O galego é a principal lingua vehicular.
6. O galego é a única lingua vehicular, limitando o castelán a súa presencia na escola á área de lingua e literatura castelás.
7. O galego é a única lingua con presencia na escola, limitándose o castelán a ser unha lingua de uso coloquial, sen presencia na escola.

Nunha análise obxectiva pódese afirmar que a cuestión normalizadora no ensino se atopa na fronteira entre o terceiro e o cuarto estadio dos propostos.

Para os sectores comprometidos coa normalización lingüística, o obxectivo normalizador fluctúa entre o quinto — converte-lo galego na principal lingua vehicular na escola— e o seis —limita-la presencia do castelán ás materias que o analizan como lingua ou que estudian a súa literatura—.

O ensino, ademais de ser un dos eidos para os que se debe recupera-lo idioma galego en todos os ámbitos de uso —administración, relacóns interpersoais e docencia-, amósase como un campo privilexiado para o proceso de recuperación social da lingua galega. Esta


importancia está determinada pola súa contribución á consecución de tres obxectivos fundamentais para ese proceso:

- Dotar ó alumnado de competencia lingüística plena en galego.
- Dotar ó alumnado de actitudes favorables para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.

Aínda admitindo o acordo entre amplos sectores sociais —e educativos, se nos centramos exclusivamente no terreo do ensino regrado— sobre a definición do obxectivo normalizador último, é latente o debate tamén sobre “o qué” normalizar. Nos últimos vinte anos os esforzos normalizadores centráronse praticamente en exclusiva na lingua, entendendo esta como o auténtico lábaro no que se identifica Galicia. Os resultados acadados con estes esforzos, segundo se sintetizaron máis arriba, veñen demostrar, alén do feito constatado de que o ensino non recibiu a axuda que debera doutros ámbitos da vida social na procura da normalización do idioma, que o enfoque que guiou os esforzos foi reduccionista en exceso.

Teóricos coma Coombs definiron a cultura dun grupo social coma o conxunto dunha armazón de elementos moi dispares, cunhas relacións tan constrinxidas entre eles que resulta difícil analizados individualizadamente.

Analizando estas definicións, atopamos que o concepto fai referencia, por unha parte, ós elementos constitutíntes da propia cultura, entre os cales se atopan os valores, o código social, a propia estructura social, os mitos e tabús..., e por outra a aquelas manifestacións, as manifestacións culturais, a través das cales esos elementos se fan visibles. Entre tales manifestacións culturais está singularmente a lingua, cun protagonismo destacado, pero tamén produtos culturais tan esquecidos nos nosos días en Galicia como a arquitectura popular, a música, a arte, os modos de producción, o patrimonio lúdico...



Se considerámo-la situación de debilidade na que se atopa a lingua na actualidade, e se temos en conta a interrelación existente entre as distintas manifestacións culturais, que impide que poidan ser contempladas illadamente, estaremos comprobando que tal debilitamento da lingua, más notorio, está agachando o debilitamento dos outros productos culturais que camiñan a seu carón. Mais aínda, o feito de que en Galicia se teñan deseñado ata o momento escasísimas medidas de normalización das diferentes manifestacións culturais que fomos quen a crear como pobo, se se exceptúa a lingua, o feito de que a arquitectura popular non goce nada máis que de tímidas medidas de conservación, o feito de

Fig. 1. Algúns elementos culturais, segundo Coombs.




Fig. 2. Dúas posibles representacións gráficas dos escasos logros normalizadores acadados no ensino. Na primeira, o esquecemento de obxectivos normalizadores noutros ámbitos culturais, lastra a lingua, impedíndolle avanzar no proceso. Na segunda, a excesiva focalización da cuestión no terreo da lingua remata por illala do armazón cultural do que forma parte. Neste último caso estarianse realizando esforzos tentando normalizar unha lingua, en certa medida, estranxeira.

que non se poñan en marcha medidas decididas de recompilación e de esparexemento da música tradicional, o feito de que non existan iniciativas de recuperación dos xogos populares galegos..., están impedindo tamén que a lingua se normalice plenamente.

Segundo a sintética análise realizada, unha iniciativa normalizadora deseñada dende o ensino non debe esquecer—las outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, o armazón cultural galego. Normaliza-la lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar —dende o seu ámbito— a realidade galega no seu conxunto. Daquela, a capacidade de manobra que deixa aberta o actual armazón lexislativo, dende a perspectiva educativa e dende a perspectiva lingüística, amósase como unha ferramenta nada desprezable de cara á consecución deste obxectivo.

## **1.2. A normalización lingüística en Galicia e o seu marco legal**

Após a introducción traumática da lingua castelá en Galicia, acontecida no período final da Idade Media e asociada ás clases dominantes, e tras un longo período de praticamente cinco séculos nos que o idioma foi unicamente cultivado polas clases populares no exclusivo ámbito da fala coloquial, contra os anos finais do século XIX xorden no seo de diferentes correntes intelectuais do incipiente galeguismo as primeiras voces que proclaman un status de dignidade para o idioma. É, non obstante, só en 1936–38 cando de regra, por medio dun utópico —dadas as circunstancias históricas— Estatuto de Autonomía o idioma galego acada o rango de lingua co-oficial.

O termo normalización lingüística únicamente cobra un sentido estricto en Galicia a partir do marco constitucional creado despois de 1978, marco que, se ben non soubo dar resposta ás arelas longo tempo maduradas polos sectores comprometidos coa realidade galega, alomenos abriu a porta a un incipiente proceso de dignificación da lingua. A optionalidade que a Constitución, a través do seu Artigo 3, deixa

aberta canto ó recoñecemento oficial doutras linguas distintas da castelá, será retomada no Estatuto de Autonomía de Galicia, nomeadamente a través do Artigo 5, recoñecéndolle ó idioma galego o seu rango de lingua co-oficial.

A Lei de Normalización Lingüística, promulgada en 1983, desenvolve a concepción xenérica do status de co-oficialidade, concretando algúns aspectos operativos da utilización do idioma galego en diferentes ámbitos da vida social, nomeadamente nalgunhas instancias administrativas, no ensino e nos medios de comunicación. Os ciudadáns e as ciudadás galegos, porén, segundo se dispón no Artigo 1, non teñen o deber de coñecer—lo seu idioma —aínda que si o castelán— ficando só constancia do seu dereito a coñecelo e a usalo.


O marco legal sintetizado ata aquí foi demoradamente esfarelado con diferentes disposicións que regulamentan a utilización do idioma no ensino, na función pública, na administración local, na xustiza, ou incluso na administración militar. Paralelamente, regulamentáronse tamén cuestións como as actividades comerciais, a toponimia ou a presencia do galego nas comunidades de ciudadáns galegos no estranxeiro.

Os paradoxos da propia historia de Galicia explican que o momento no que se desenvolve o armazón lexislativo que persegue a normalización do idioma, coincide tamén co momento histórico no que a penetración do castelán é más evidente. Coincidem tamén as dúas últimas décadas cunha época histórica de desenvolvemento vertiginoso das novas tecnoloxías e dos *mass-media*. Daquela, semella que o proceso lexislativo e as accións normalizadoras postas en marcha foron demasiado demoradas no tempo, por unha banda, e en exceso pouco decididas, por outra.

Os recentes estudos sacados á luz pola Real Academia Galega e mesmo outros informes parciais referidos fundamentalmente ó ensino, provocan, en xeral, o afloramento da idea dun fracaso —máis ou menos rotundo— de tódalas iniciativas levadas a cabo. En efecto, ás portas

do século XXI só un de cada tres nenos galegos aprende a falar no seu idioma, mentres o galego perde falantes en tódolos hábitats e cada vez en camadas dos estratos máis baixos da sociedade.

Se ben nalgúns comarcas de Galicia se poden sintonizar algúnsas emisoras de radio e televisión —singularmente aquelas sostidas con



fondos das administracións locais— que utilizan o galego como principal ou única lingua, no conxunto de Galicia só é posible acceder a unha emisora de televisión e outra de radio que utilizan o galego en exclusiva. Canto á prensa escrita —además dun número nada desprezable de publicacións cunha periodicidade máis demorada— só é posible acceder a un xornal e a un semanario en






Fig. 3. Indicadores da evolución da lingua habitual en Galicia en tres xeracións e segundo a lingua inicial.  
Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Dados referentes ó ano 1.992

Fig. 4. Indicadores da situación da lingua habitual en Galicia segundo a idade e segundo o hábitat.  
Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Dados referentes ó ano 1.992

galego. Noutros medios non referidos, a presencia do galego, no mellor dos casos, non pasa de ser residual, e todo isto ocorre, precisamente, nun momento no que a profusión dos medios é absolutamente inimaxinable se nos situamos no tempo só dez anos atrás.

Alén do ensino, da administración autonómica e mesmo do mundo da política, a presencia do

galego segue sendo hoxe por hoxe testemuñal en calquera dos ámbitos sociais que poidan ser analizados. Só algúns sectores económicos —o gremio das escolas de conductores, algúns sectores alimentarios, empresarios illados...— se distinguen polo seu afán conscientemente normalizador. As dificultades administrativas continúan, no entanto, para cuestiós nimias como a etiquetaxe de produtos artesanais,

Fig. 5. Medias de usos lingüísticos na familia e no traballo.

Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Datos referentes ó ano 1.992






Fig. 6. Medias de usos lingüísticos noutras situacionés comunicativas.


Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Datos referentes ó ano 1.992



**Medias de usos lingüísticos no traballo**  
Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia



**Medias de usos lingüísticos noutras situacións (II)**  
Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia



para poder asistir a un xuízo en galego ou, á fin, para darlle un nome galego a un neno ou a unha nena.

Paradoxalmente, os logros normalizadores foron froito, antes que das accións promovidas dende as institucións públicas ou dende entidades sostidas, tamén, con fondos públicos, nacidas por e para o idioma, do

traballo voluntarista de entidades particulares. Mesmo a armazón lexislativa existente é consecuencia, antes que da materialización dunha vontade política ó respecto, da presión social constante ó longo dos últimos vinte anos sobre a cuestión lingüística. Parece identificarse, sen embargo, unha certa desmobilización na militancia polo idioma nos últimos anos, de seguro producto da







Fig. 7 e 8. Situación da lingua no tocante á competencia lingüística, lectura, escritura e uso escolar.  
Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Datos referentes ó ano 1.992

normalización aparente, visible no emprego público do idioma e no incuestionable logro da percepción e da valoración social sobre a lingua.

### 1.3. A normalización lingüística no ensino e o seu marco legal específico

A educación converteuse —dende unha perspectiva política alomenos parcialmente errónea— no auténtico motor da normalización do idioma ó longo dos vinte anos que ten vivido o proceso. Xa non só a propia administración autonómica afronta a cuestión lingüística dende un chanzo do organigrama da Consellería de Educación, senón que, na práctica, as accións levadas a cabo centráronse particularmente no terreo do ensino. O feito de que sexa este un terreo alomenos proclive en parte —pola existencia dunha certa concienciación sobre o problema por parte dun amplo sector do

profesorado— só xustifica limitadamente que as iniciativas se focalizasen en exceso cara a este ámbito, ó tempo que se esquecían outros —de seguro por resultar más difícil a planificación e a acción— que deberían ter desempeñado —é o caso dos medios de comunicación ou do mundo empresarial, por exemplo— un papel destacado no proceso.

En síntese, o camiño seguido polo ensino para enfrenta-la cuestión pódese sintetizar en tres momentos sucesivos, se nos situamos no tempo a partir do ano 1979:



- A incorporación da lingua e da literaturas galegas, como materia integrante do currículo, ós planos de estudios de tódolos niveis non universitarios do sistema educativo galego.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas dalgúns árees, especialmente as humanísticas.
- A incorporación do galego como lingua vehicular ás aulas dunha importante batería de materias —de diferentes árees científicas— do currículo, e mesmo a apertura da posibilidade de acadar un uso, metade por metade, das dúas linguas presentes en Galicia no ensino.

As sucesivas disposicións lexislativas —tamén producto, antes da presión exercida polos profesionais da educación ca da existencia dunha vontade política ó respecto— que aparecen sintetizadas nas figuras 9 e 10 conseguiron, á fin, que o galego non sexa estranxo á escola, que desaparecesen —salvo casos illados— as situacións de conflicto e mesmo que a estandarización do idioma non sexa xa unha utopía.

A falta dunha vontade política sobre a cuestión, a desidia dalgúns dos chanzos da administración educativa e mesmo a idea dunha liberdade de cátedra mal entendida, sen embargo, impiden que as disposicións lexislativas se cumpran en boa parte dos centros educativos do país. De aí que, ó tempo que non se debe considera-la actual regulamentación como o desexado punto final, semelle preciso unha focalización do esforzo dos sectores comprometidos co idioma cara ó cumprimento de tódolos aspectos lexislados.



Fig. 9. Normalización lingüística e ensino. Marco lexislativo.

Fig. 10. A presencia do galego como lingua vehicular no ensino. Lei Villar - LOXSE.



## 1.4. O estado actual da normalización lingüística no ensino

Ó longo dos anos transcorridos dende a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983), a normativa legal que regulamenta a extensión do uso do galego no ensino non universitario foi incorporando o uso do idioma galego ós distintos ámbitos de uso —administración e docencia—. A incorporación destes ámbitos constitúe un avance relativamente importante por diferentes razóns.



En primeiro lugar, porque a súa introducción foi tardía; en segundo lugar, porque no caso do ensino en galego, aspecto nuclear no proceso de normalización dos centros educativos, o lexislado só supón tímidos pasos, dándose o caso de que, ademais, a regulamentación deste aspecto é o que máis carencias presenta; en terceiro lugar, esta importancia relativízase polo seu continuado e flagrante incumprimento ó longo dos anos.









Fig. 11 e 12. Algunxs indicadores da situación do galego na Ed. Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria.  
Fonte: A Educación Infantil en Galicia (Consello Escolar de Galicia)

Cómpre destacar entre as insuficiencias das sucesivas disposicións lexislativas as seguintes:

– O modelo de “equilibrio” no reparto do espacio vehicular do ensino entre as lingua galega e castelá non é garante da normalización escolar da lingua propia de Galicia. A desigualdade sociolóxica do galego non se pode eliminar por medio da igualdade no trato. Noutras palabras, non existe un modelo legal de referencia galeguizador.

- Carencia de directrices e prescricións claras que delimiten a distribución do espacio vehicular das linguas e a súa progresión a partir dos mínimos de cumprimento obrigado. Nesta mesma liña, é de subliña-lo escaso nivel de explicitación do ensino en galego no Plano de Uso do Galego e a ausencia de referencias no Proxecto Curricular de Centro.
- Carencia de directrices e prescricións para os Programas de Diversificación Curricular e para os Programas de Garantía Social.

Fig. 13 e 14. Algunos indicadores da situación do galego na Ed. Primaria e Secundaria Obligatoria. Fonte: *O rendemento escolar en Galicia* (Consello Escolar de Galicia)



**Normativas derogadas polo Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15). De aplicación transitoria mentres non se extingan as ensinanzas de BUP, COU e FP.**

\* Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística. (DOG, 17/09/83)

\* Orde do 1 de marzo de 1988 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. (DOG, 16/03/88)

Nos niveis de Bacharelato, Cou e Formación Profesional, os alumnos recibirán o ensino en galego, alomenos, de dúas disciplinas.

1.- Nos centros de Bacharelato e COU recibirán o ensino en galego de dúas disciplinas entre as seguintes:

1º BUP: Matemáticas, Ciencias Naturais, Historia e Debuxo.

2º BUP: Matemáticas, Xeografía, Física e Química, e Informática.

3º BUP: Filosofía, Matemáticas, Xeografía e Historia, e Física e Química.

COU: Filosofía, Matemáticas, Física e Historia do Mundo Contemporáneo.

2.- Nos centros de FP recibirán o ensino en galego tamén de dúas disciplinas de entre as seguintes, tentando que unha das sexa da área formativa común ou das ciencias aplicadas e outra d'área tecnolóxico-práctica.

1º FP1: Formación Humanística, Prácticas, Tecnoloxía e Matemáticas.

2º FP1: Formación Humanística, Prácticas, Tecnoloxía e Matemáticas.

1º FP2: Formación Humanística, Prácticas, Tecnoloxía e Matemáticas.

2º FP2: Formación Humanística, Prácticas, Tecnoloxía e Matemáticas.

3º FP2: Formación Humanística, Prácticas, Ciencias Naturais e Matemáticas.

#### **Normativa en vigor (agás a excepción transitoria anterior)**

\* Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

Artigo 4º

1.- Na etapa de educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria os profesores e profesoras usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, terán en conta a lingua ambiental e coidarán que adquieran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.

2.- Atenderase de xeito individualizado a aqueles alumnos e alumnas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante, segundo se sinala no punto anterior.

2.- No segundo e no terceiro ciclos de educación primaria impartiránse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Artigo 5º

1.- Na educación secundaria obligatoria impartirase en galego a área de ciencias sociais (xeografía e historia) e a área de ciencias da natureza.

2.- Das materias optativas impartiránse en galego as de ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

Artigo 6º

1.- No primeiro curso de bacharelato impartirase en lingua galega como materia común a filosofía e como materias específicas de modalidade as seguintes: tecnoloxía industrial I (bacharelato de tecnoloxía); bioloxía e xeoloxía (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); historia do mundo contemporáneo (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); debuxo técnico (bacharelato de artes).

2.- No segundo curso de bacharelato o alumnado recibirá o ensino en galego de historia, como materia común, e como materias específicas de modalidade: debuxo técnico, tecnoloxía industrial (bacharelato de tecnoloxía); ciencias da terra e medioambientais, debuxo técnico (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); xeografía, historia da artem, historia da filosofía (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); historia da arte (bacharelato de artes).

3.- Así mesmo serán impartidas en galego as seguintes materias optativas: ética e filosofía do dereito, introducción ás ciencias políticas e socioloxía, e historia e xeografía de Galicia.

4.- Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.

Artigo 9º

Nas áreas ou materias –distintas ás sinaladas nos artigos 4º, 5º e 6º- empregarase a lingua que se teña establecida no proxecto educativo do centro aprobado polo claustro e polo consello escolar.

- O ensino en galego ten un trato marxinal na normativa que regula os aspectos curriculares e organizativos do centro (Decreto de Currículo e Regulamentos Orgánicos dos Colexios de Infantil e Primaria e dos Institutos de Educación Secundaria). Esta característica amósase nos seguintes aspectos:
    - \* Cando se regula o Plano de Uso do Galego, o ensino en galego é considerado como un elemento do PC, sen embargo no artigo que establece os elementos do PC non se especifica nada sobre o ensino en galego
    - \* Nas programacións didácticas non se incorpora a lingua de ensino.
    - A lingua maioritaria do alumnado como pauta de escolarización nas primeiras etapas e ciclos do ensino prexudica ós alumnos e ás alumnas galegofalantes. Ademais é contraditoria coas finalidades propias dun proceso que ten como finalidade a galeguización e non a desgaleguización do alumnado.
    - A ausencia de directrices metodolóxicas e didácticas para o “coidado” da lingua galega en Educación Infantil (formulación dos obxectivos para o galego, especialización lingüística do profesorado e mesmo dos espacios, progresión ó longo da etapa...)
- No que respecta á aplicación das prescripcións legais, a tendencia xeral constante ó longo de todos estes anos é o seu incumprimento, producíndose, segundo os datos de distintos estudios, as seguintes situacóns:
- Alumnado galego-falante que nas etapas iniciais segue a ser escolarizado en castelán, cando non en contextos actitudinais negativos cara á súa lingua.
  - Incumprimento dos mínimos legais, que varía en función da titularidade e do emprazamento do centro. Así, o incumprimento é maior nos centros privados ca nos públicos, nos centros urbanos ca nos viles e nestes más ca nos rurais.
  - O ensino en galego é menor alí onde a castelanización é maior (centros de titularidade privada e de emprazamento urbano). O alumnado galego está a recibir, polo tanto unha educación lingüística diversa.
  - Non existe continuidade e progresividade no desenvolvemento da extensión do ensino en galego.
  - Na elección doutras materias priman criterios diglósicos.
  - En moitos casos, e maioritariamente en contextos fortemente castelanizados, a aplicación da normativa é totalmente reduccionista no seu alcance galeguizador, limitándose ós aspectos máis fáceis de normalizar, é dicir, aqueles que esixen un menor nivel de responsabilidade e implicación do profesorado (lingua da administración interna e externa do centro, lingua das actividades culturais e festas: Letras galegas, O Entroido, Os Maios, O Nadal...) Estas prácticas, en contextos nos que o galego únicamente ten cabida neste tipo de usos, poden contribuír a reforzar e afianzar situacións e crenzas diglósicas.
  - No que respecta á competencia, os maiores logros danse no ámbito da escrita.
  - O ensino segue a promover usos lingüísticos castelanizadores.
- O ensino en galego é un feito voluntarista, na medida en que únicamente depende da opción do profesorado. Todo proceso vincellado exclusivamente a este mecanismo amosa unha escasa capacidade para garanti-la xeneralización e a continuidade do ensino en galego.
- Outros dous elementos, aínda, deben ser considerados, dende a perspectiva da análise da situación actual, de cara á elaboración dunha proposta decidida de normalización do ensino. Por unha banda, o papel de axente praticamente único que á educación se lle outorgou na cuestión normalizadora impide que a presencia da lingua en boa parte dos centros educativos do país teña reflexo no medio circundante no que se atopan eses centros. Doutra maneira, é incluso posible que determinado alumno ou determinada alumna reciban praticamente tódalas súas clases en galego; é probable tamén, sen embargo, que ese alumno e que esa alumna se vexan

obrigados a emprega-lo castelán nas súas relacións sentimentais, na tenda onde fan a súa compra ou mesmo no equipo no que practican o seu deporte favorito. É preciso, pois, contemplar medidas normalizadoras para todos e cada un dos ámbitos da vida social dos galegos e das galegas.

Por outra banda, se ben o ensino se ten destacado polo seu indubidable compromiso coa normalización do idioma, é ben certo tamén que esqueceu de xeito lamentable realizar un esforzo pola normalización da cultura galega, globalmente considerada esta. A integración social no seu medio das novas xeracións non se consegue só co emprego da lingua. O descoñecemento das características do medio natural galego, da xeografía de Galicia, da historia, da arte, do dereito civil galego... semella, por veces, absoluto por parte dos estudiantes galegos. Esta circunstancia explica en certa medida, seguramente, que o galego non sexa útil fóra da escola. Tamén aquí, sen embargo, a armazón lexislativa actual abre posibilidades que, en todo caso, só cómpre concretar.

## 1.5. A precariedade do ensino en galego

O proceso de normalización lingüística no que fai referencia ó ensino en galego segue a ser unha experiencia implanificada, procesualmente discontinua, episódica e voluntarista. Implanificada, na medida en que carece da definición de obxectivos normalizadores, das estratexias encamiñadas á súa consecución e dos procedementos de avaliación que nos permitan coñece-los resultados e introducir melloras nos procesos. Voluntarista, na medida en que segue a ser unha opción persoal do profesorado.

No transcurso destes anos, a falta de compromiso e de apoio por parte da Administración foi unha das notas características. A carencia dun modelo lingüístico normalizador, así como o nivel de incumprimento da normativa legal, son dous dos indicadores más claros. Esta actitude por parte da Administración contribúe a fortalecer

crenzas e actitudes do profesorado pouco favorables ó proceso de extensión do ensino en galego.

O desinterese da Administración amósase claramente, ademais de nos aspectos anteriormente subliñados, nos indicadores que mencionamos a seguir, e que aluden ás medidas de apoio necesarias para a aplicación da normativa legal. Este conxunto de medidas facilitarían considerablemente o labor dos Equipos de Normalización Lingüística.

- A falta de regulamentación en aspectos relevantes como a adscrición do profesorado ou a non incentivación como mérito docente do ensino en galego.
- A ausencia de directrices, prescricións e pautas claras que orienten a progresión do proceso no espazo curricular. Neste aspecto, a normativa é escasamente orientadora, pois non ofrece pautas que permitan guiar planificadamente a implantación progresiva do ensino en galego.
- A febleza nos requerimentos de competencia oral e escrita nas probas de acceso ós Corpos de Profesorado de Ensino non Universitario.
- A ausencia de control para que o disposto legalmente se cumpra.
- A translación da responsabilidade na extensión do ensino en galego ós centros, máis concretamente ós Equipos de Normalización Lingüística. Isto, que sería deseable e válido en contextos nos que o apoio da administración e/ou a implicación do profesorado fosen indiscutibles, non é operativo no actual contexto de condicións de moitos centros. ¿Que autoridade legal ten o ENL para muda-la práctica lingüística do profesorado? ¿En cantos casos os ENL son instrumentos eficaces para avanzar na extensión do ensino en galego? ¿En cantos casos os ENL non teñen asumida a función de impulsalo ensino en galego? Todas estas dúbihdas non son negadoras do labor encomiable realizado por moitos ENL. O que pretenden manifestar é que nas actuais condicións, e sobre todo en contextos máis

castelanizados, os ENL teñen pouca capacidade para impulsalo ensino en galego. Déixase nas súas mans, en soidade, un labor difícil que non conta co mínimo apoio por parte da Administración e a súa operatividade non se garante, alomenos co carácter de que se xeneralice a tódolos centros, como unha peza máis dun mecanismo que funcione conxunta e coordinadamente a prol da normalización dos centros.

- A escasa atención prestada á formación pedagóxica e sociolingüística do profesorado nos cursos de iniciación e perfeccionamento. Non é posible un cambio nos xeitos de actuar sen unha acción formativa do profesorado que modifique as súas crenzas e actitudes a través fundamentalmente da comprensión do proceso de normalización como unha cuestión esencialmente educativa.
- A falta dunha política de promoción eficaz da edición de material didáctico en galego. A carencia de material é praticamente total para os novos ciclos formativos, os Programas de Garantía Social, os Programas de Diversificación Curricular e para o alumnado con necesidades educativas especiais.

No seu conxunto, estes indicadores evidencian que a Administración non ten dispensado as medidas de acompañamento necesarias para a aplicación da normativa legal.

A situación descrita fai necesario, para avanzarmos no proceso de normalización lingüística no ensino, o deseño dun modelo galeguizador que sente as bases para un proceso planificado da normalización nas institucións educativas e que poña en marcha as medidas necesarias para que a normativa se aplique. Estas medidas irían destinadas a satisfacer las necesidades que se derivan dos atrancos sinalados na análise da situación actual, e que son de difícil solución sen a concorrencia da Administración (incentivación do ensino en galego, control sobre o cumplimento do ordenado regulamentariamente...)

## 2. Modelo

### 2.1. Liñas xerais

Os eixes fundamentais ou liñas básicas sobre os cales se articula o noso modelo son:

- O modelo debe contemplar todo o sistema educativo galego, tendo unha dimensión xeneralizadora. Isto implica que debe ser asumido como tal pola Administración educativa e, más alá, polo Goberno de Galicia e polo Parlamento Galego. Este é o único xeito de que estea garantizada a necesaria coherencia do modelo e a súa continuidade, así coma o desenvolvemento lexislativo complementario e os precisos recursos humanos e materiais necesarios para a súa posta en práctica.
- Tanto nas súas bases teóricas coma nas súas estratexias de aplicación, debe ter unha dimensión científica contrastada. Aínda que somos conscientes de que as dificultades no proceso normalizador non proveñen dunha insuficiencia científica, nin sequera dunha ausencia de modelo, senón da falta de vontade política para impulsalo e dotalo dos medios necesarios, cremos que é fundamental que todo o proceso se desenvolva con criterios científicos. Neste sentido, hai que dicir que son numerosos os traballos teóricos e prácticos referidos a contextos moi semellantes ó noso que nos proporcionan unha experiencia suficientemente contrastada e que debemos ter en conta.
- O modelo debe contemplar, ademais do contexto social en que se vai desenvolver, as distintas realidades lingüísticas existentes entre a poboación escolar.
- Definirá o soporte material e humano que o dinamice e posibilite a posta en práctica.
- Propoñerá pautas de actuación tendentes a impulsala normalización da cultura galega no ámbito escolar.
- O modelo concede especial importancia ó emprego de metodoloxías renovadoras, na procura dunha forte motivación no alumnado e nas familias.

- A adquisición dunha boa competencia noutras lingua extranxeira é un obxectivo irrenunciable, debendo artellarse aquelas medidas pedagóxicas que permitan a súa consecución de xeito coherente co marco normalizador deseñado no propio modelo.
- O modelo debe fixar un punto terminal normalizador. É dicir, un momento no que, logo do proceso previo, se entende que tódolos alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para que o galego poida ser xa a lingua de uso no ensino a tódolos niveis. Ese momento fixámolo nos 12 anos, coincidindo coa fin da etapa de educación primaria. Naturalmente, naqueles centros onde ese punto normalizador se poida acadar con anterioridade non será necesario agardar a ese momento, que se debe entender como a hipótese máis dilatada no tempo.
- Do anterior tirase que, no tempo anterior ó punto indicado, debe darse unha liña de normalización progresiva que, partindo das distintas situacións iniciais consideradas, teña como obxectivo camiñar cara a ese punto terminal normalizador. Establecerá os ritmos de aplicación ata chegar ó obxectivo final (fase de transición —fase de aplicación— fase de consolidación)
- O modelo debe considerar, así mesmo, as situacións de transición que se darán ata a aplicación plena do mesmo. Haberá, logo, que considerar estratexias específicas para as nenas e os nenos que xa estean escolarizados no momento da posta en práctica do modelo.
- A comunidade educativa de cada centro xoga un papel fundamental no proceso normalizador. Cremos que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se levan a cabo no proceso. O seu papel será básico, por tanto, á hora da definición do seu Proxecto Lingüístico, enmarcado no correspondente Proxecto Educativo de Centro.

## **2.2. A normalización nas diferentes etapas educativas**

### **2.2.1. Educación infantil**

Atendendo á situación sociolingüística do medio no que estea ubicado o centro escolar e dos nenos e nenas en particular, os Centros decidirán a lingua de aprendizaxe para estes primeiros anos da escolaridade. Cómpre ter en conta, á hora de tomar esta decisión cun claro obxectivo normalizador, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e a conveniencia, en todo caso, de reforzar precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temprá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social e que se pretende acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na Lei de Normalización Lingüística.

Estas liñas de actuación, para seren efectivas, deberanse contemplar xa nos centros de educación infantil que atenden ós nenos e nenas de 0 a 3 anos.

– Cando a lingua ambiental predominante sexa o galego, esta será a lingua vehicular, calquera que sexa a lingua familiar dos nenos e nenas. En calquera caso, contemplaranse programas de adaptación para aqueles grupos ou individuos que presenten algún tipo de dificultade para iniciar a súa escolaridade en galego, procurando unha pronta integración no ensino galego normalizado.

– Cando a lingua ambiental predominante sexa o castelán, contemplaranse diferentes situacións:

\* Alumnado con galego como lingua familiar: ensino en galego

\* Alumnado con castelán como lingua familiar:

(a) Ensino en galego naquellos situacións favorables dende o punto de vista sociolingüístico (apoio da familia e da comunidade educativa)

No caso dos/as nenos/as cunha competencia normal na súa lingua familiar, neste caso o castelán, o ensino nunha segunda lingua resulta beneficioso, pois permite mante-la

competencia na súa lingua materna (moi presente socialmente, especialmente nos medios de comunicación e nas novas teconoloxías) e adquirir progresivamente unha competencia necesaria na lingua da escola e, á fin, na lingua que cómpre reforzar para acada-lo obxectivo fundamental da Lei de Normalización.

(b) Iniciación ó ensino en castelán cunha progresiva incorporación do galego que permita o ensino nesta lingua o antes posible. Prestarase especial atención ó emprego das estratexias metodolóxicas más oportunas, fundamentalmente no que se refire a formulación de obxectivos, especialización lingüística do profesorado e dos espacios, uso das dúas linguas, etc.

Coidaranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

## 2.2.2. Educación Primaria

- No *Primeiro Ciclo* desta etapa seguirase o mesmo criterio que na etapa de Educación Infantil. Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas e, por tanto, un período fundamental para afianza-lo galego como lingua do ensino. Con referencia ó proceso de ensino-aprendizaxe da lecto-escritura, deberá realizarse na lingua na que o alumno ou alumna veu sendo escolarizado.
- A comezos do *Segundo Ciclo*, cómpre diferenciar dúas situacions:
  - \* No caso dos/as nenos/as escolarizados/as en galego, calquera que fose a súa lingua familiar, cónsolidarase o ensino en galego.
  - \* No caso dos/as nenos/as escolarizados/as maioritariamente en castelán nos primeiros anos, irase incrementando progresivamente a presencia do galego. En calquera caso ampliarse o número de áreas impartidas en lingua galega, tendo en conta a importancia de incorporar de xeito prioritario aquelas más prestixiadas.
- No *Terceiro Ciclo* continuarase na liña anterior, establecendo as estratexias precisas para

acada-la plena normalización do galego no ensino e os obxectivos básicos da Lei de Normalización.

Coidaranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

## 2.2.3. Educación Secundaria Obrigatoria

Acadada xa na anterior etapa a competencia lingüística suficiente, nesta etapa, o ensino desenvolverase totalmente en galego.

Esta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudio sistemático do castelán, que xoga un importante papel como lingua de relación.

Coidaranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

## 2.2.4. Educación Postobrigatoria

Do mesmo xeito, nesta etapa xa non debe existir ningún problema obxectivo que faga inviable a normalización lingüística no ensino, que estará xa plenamente consolidada. O labor nesta etapa, orientarase máis á necesaria formación complementaria do profesorado e á confección dos materiais didácticos precisos.

Coidaranse especialmente, e mediante os apoios necesarios, os casos dos alumnos ou alumnas que poidan presentar algún grao de dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

## 2.2.5. Universidade

A presencia do galego na Universidade como lingua de docencia habitual é moi escasa e, en xeral, vese reducida na maioría dos casos a usos rituais. A galeguización da documentación de carácter administrativo non se corresponde en absoluto coa utilización do galego nas aulas, nas publicacións ou noutras actividades propias deste nivel de ensino. Esta situación contrasta co recoñecemento que os propios Estatutos das tres Universidades de Galicia outorgan ó galego como lingua oficial.

Reiteradamente diversos estudos publicados avalan estas apreciacións e converten o problema en máis grave, se cabe, visto que é esta institución —dende tódalas súas titulacións— a encargada de formar futuros ensinantes para os outros niveis de ensino. Asemade cómpre considera-la potencialidade da Universidade como un importante referente social que debe prestixiar a lingua e a cultura deste país.

Tendo en conta estes extremos proponse:

- Xeneraliza-la galeguización de toda a documentación, tanto de carácter administrativo como académico que emane das diferentes instancias universitarias: Rectorados, Decanatos, Direccións de Escolas, Departamentos, Unidades de Xestión, etc.
  - Impulsa-la realización de estudos da realidade lingüística e a elaboración de programas de normalización dirixidos a potenciar o seu pleno uso en tódolos ámbitos da actividade universitaria, tal como se recolle nos propios Estatutos das Universidades Galegas.
  - Xeneraliza-lo uso do galego como lingua de ensino, potenciando a investigación nas temáticas propias do contexto socioeconómico, científico, político e cultural de Galicia.
  - En tódolos centros dependentes da Universidade, os Planos de Estudio e os programas terán en conta a especificidade do desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.)
  - O coñecemento da lingua galega (a nivel oral e escrito) será un mérito preferente para o profesorado contratado, asociado e titular interino.
  - Nos concursos de prazas de titulares e catedráticos, os tribunais terán en conta, na avaliación dos méritos, a experiencia docente e investigadora realizada en lingua galega.
  - Para formar parte do persoal de Administración e Servicios será obligatorio demostrar un coñecemento, tanto oral como escrito, da lingua galega.
- Do volume global das publicacións universitarias financiadas con fondos públicos, como mínimo, o 50% deberá estar en lingua galega.
  - A Universidade, a través do Servicio de Normalización Lingüística, poñerá a disposición, tanto dos docentes como do alumnado, medios persoais e técnicos para que poidan conseguir versións en galego dos artigos orixinais redactados noutra lingua.
  - A Universidade convocará axudas para a realización de teses de licenciatura e doutoramento ou proxectos fin de carreira en lingua galega, ofrecendo igualmente asesoramento lingüístico.
  - Facilitaranse gratuitamente cursos de lingua a tódolos membros da comunidade universitaria para perfeccionaren a súa competencia en galego.
  - Para a consecución dos obxectivos propostos cómpre poñer en marcha unha serie de medidas de acompañamento, tendo especial importancia aquelas que se tomen durante o período de transición.

## 2.3. Soporte

### 2.3.1. Equipos de Normalización Lingüística

#### 2.3.1.1. Estructura

Para acada-los obxectivos previstos no proceso normalizador será necesaria establecer tres niveis de decisión e coordinación:

- Equipo de normalización lingüística de ámbito nacional.
- Equipo de normalización lingüística de ámbito comarcal.
- Equipo de normalización lingüística de centro.

#### 2.3.1.2. Funcións

##### 2.3.1.2.1. ENL de ámbito nacional

- Deseña-las grandes liñas que impulsen o proceso normalizador.
- Establece-lo calendario de aplicación e marca-los ritmos atendendo ás diferentes situacións de partida.
- Dictaminar en caso de dúbidas os

- procedementos a seguir para dotar de homoxeneidade ó proceso.
- Emprender campañas de divulgación e fomento da normalización de ámbito xeral.
- Propoñela elaboración e difusión de materiais e iniciativas que contribúan ó avance na normalización no eido do ensino e na sociedade en xeral.
- Apoiar e emprender accións conxuntas con outras institucións e administracións que favorezan unha dinámica de normalización social.
- Realización do seguimento e a avaliación de todo o proceso, informando periodicamente dos seus resultados.

#### **2.3.1.2.2. ENL de ámbito comarcal**

Previamente haberá que defini-lo que se entende por comarca ou zona educativa, tendo en conta que non sempre coincide a situación e a problemática lingüística coas características xeográficas e socioeconómicas. Será necesario buscar tamén un equilibrio no que se refire ó número de centros adscritos para que os recursos materiais e humanos se aproveiten convenientemente.

Funcións:

- Defini-las estratexias xerais de actuación no seu ámbito.
- Coordina-las actuacións entre os diferentes centros.
- Potenciar accións conxuntas que impriman maior ritmo á normalización.
- Propicia-lo intercambio de experiencias e o encontro entre equipos e persoas vinculados ás tarefas normalizadoras.
- Colaborar, participando con asesoramento e apoio ós ENL de centro, na elaboración e posta en práctica do PLC (Proxecto Lingüístico de Centro)
- Procura-la vinculación das administracións municipais e doutros organismos (sanitarios, comunicacións, deportivos, culturais, ocio, medios de comunicación,...) cara ó avance na normalización de todos os sectores sociais.

- Establece-los oportunos procedementos de avaliación e revisión do proceso neste ámbito, informando periodicamente dos seus resultados.

#### **2.3.1.2.3. ENL de centro**

Concepto do ENL como elemento de coordinación e dinamización no ámbito de toda a comunidade educativa. Deste xeito diversificaranse as actuacións e programaranse actividades dirixidas a todos os sectores para tratar de evitar desaxustes nos avances.

Funcións:

- Facilitar información legal ós diferentes órganos, sectores e profesionais docentes.
- Inventaria-los recursos didácticos normalizadores do centro e da contorna.
- Coordina-las iniciativas normalizadoras no centro.
- Velar polo cumprimento da normativa legal e a aplicación daquelas iniciativas complementarias que se establezan.
- Propoñela incorporación ó PEC das notas de identidade relacionadas coas características sociolingüísticas e culturais propias de Galicia e aquelas que contribúan á restauración das mesmas.
- Elaborar, en colaboración cos diferentes sectores da comunidade educativa, o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC). Este PLC será un dos referentes básicos á hora de establecer las estratexias didácticas e desenvolver os contidos curriculares no PCC.
- Propoñela accións académicas e sociais que garantan os dereitos lingüísticos dos nenos e nenas galegofalantes.
- Deseñar planos e accións normalizadores orientados ás familias, ANPA e a toda a comunidade educativa.
- Promover relacóns con sociedades, colectivos e administracións da contorna que teñan incidencia na comunidade educativa.
- Establece-los oportunos procedementos de seguimento e avaliación das distintas iniciativas normalizadoras.

### **2.3.1.3. Composición**

#### **2.3.1.3.1. ENL de ámbito nacional**

- Representación política e técnica da Consellería de Educación.
- Representante da inspección educativa.
- Representación dos diferentes sectores sociais con incidencia no ensino (sindicatos, MRP, ANPA, A.A.)
- Representación comarcal e/ou provincial.
- Representación de colectivos, asociacións ou organismos de ámbito xeral e carácter normalizador.

#### **2.3.1.3.2. ENL de ámbito comarcal**

Equipo estable e Consello Comarcal (centros, CEFOCOP, concellos, ANPA...)

- Un técnico especializado en sociolingüística.
- Un técnico especializado en tarefas de dinamización.
- Inspector responsable da normalización.
- Representación dos ENL de centro.

#### **2.3.1.3.3. ENL de centro**

Cómpre revisa-la súa actual composición e funcións; más competencias, más incentivos horarios, posibilidade de encontros comarcais en horario lectivo, más motivación...

- Coordinador/a.
- Un representante de cada ciclo/área.
- Un membro do equipo directivo.
- Un representante do alumnado, cando proceda.

### **2.3.2. Acceso e formación inicial e continua**

Tocante ó profesorado deberá terse en conta:

- Na formación inicial dos futuros profesionais da educación deberase contemplar unha formación pedagógica, sociolingüística e cultural que incida na súa capacitación nestes tres ámbitos e na mellora das actitudes de cara ó proceso normalizador no ensino. O seu período de prácticas deberá considera-lo perfil normalizador dos centros colaboradores.

– Acceso á docencia (temporal ou permanente) con plena capacitación para desenvolve-la actividade en galego.

– Formación permanente que dote ó profesorado de instrumentos lingüísticos, sociolingüísticos e culturais para exerce-la docencia en galego. Importante papel dunha metodoloxía axeitada como instrumento normalizador. Prioridade da práctica oral no dominio lingüístico para a comunicación. Desinhibir ó profesorado para que poida actuar nese senso co alumnado.

– Para un mellor desenvolvemento deste modelo sería preciso proceder á reciclaxe dos distintos axentes e instancias implicados (profesorado, inspección, equipos de apoio á integración...) incidindo en aspectos de capacitación sociolingüística, cultural e pedagógica como elementos fundamentais para a mellora das actitudes cara ó proceso normalizador.

– Á hora de publica-las vacantes dos diferentes concursos, especialmente dos de provisionais, a Delegación deberá facer consta-lo modelo de ensino do Centro a fin de que o profesorado coñeza de antemán a lingua na que se imparte o ensino.

– O profesorado adscrito a un Centro deberase sentir obrigado polos documentos organizativos do mesmo (PEC, PCC) a acepta-la súa liña lingüística. A lingua de ensino non pode depender do voluntarismo do profesorado senón da planificación e o traballo en grupo do Centro.

### **2.3.3. Inspección educativa**

A Inspección educativa ten unha incidencia na vida dos centros, especialmente nos de Infantil e Primaria, que pode significar avantageas ou atrancos á hora de aplicar o modelo. Ata o momento presente non se significou positivamente no proceso normalizador. Tampouco se emprenderon accións decididas dende a Administración para a reciclaxe técnica e competencial deste colectivo no terreo normalizador.

A súa incorporación ós equipos nacional e de zona enténdese dende a perspectiva dun labor previo de formación e definición do seu papel no proceso.

Deben abordarse prioritariamente as seguintes cuestións para conseguir un proceso dinámico e eficaz:

- Compromiso de velar polo cumprimento da lexislación vixente na materia, incluíndo a totalidade dos membros.
- Creación dunha sección específica dentro do corpo para participar activamente no proceso.
- A Administración acometerá o axuste lexislativo e competencial que clarifique as funcións e o papel que ha desenvolver neste contexto.
- As intervencións encamiñaranse a incentivar e corrixir desfases, non a coutar iniciativas que na fase de transición puideran estar por riba da media no desenvolvemento do proceso.
- Programa de cursos específicos de formación en materia lingüística, sociolingüística, tratamiento curricular dos referentes culturais e metodoloxía axeitada para o ensino de linguas en contextos non normalizados.

#### **2.3.4. Medios e recursos para a dinamización do proceso**

\* De ámbito escolar:

Medidas incentivadoras para favorecer la existencia de:

- Bibliotecas escolares ben dotadas, con profesorado-bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura.
- Materias curriculares en galego
- Medios informáticos en galego.
- Medios audiovisuais en galego.

\* Outras intervencións educativas: tempo libre

Está claro que a educación non formal ten unha importancia fundamental. Ás veces, os esforzos da escola por ensinar en galego resultan ineficaces diante dun monitor deportivo, por exemplo, que realiza a súa actividade na lingua castelá e reforza os prexuízos existentes con respecto á lingua galega. Aquí os concellos

teñen un papel fundamental. Tamén as Asociacións de Nais e Pais, e as asociacións culturais e veciñais.

\* Outros ámbitos sociais:

Considerando a potencialidade normalizadora do ensino parece imprescindible impulsalo proceso normalizador dende outros ámbitos sociais con medidas de diverso alcance e entidade. Medidas como:

- Cine en galego.
- Bibliotecas públicas ben dotadas, con persoal bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura.
- Campañas publicitarias.
- Campañas dirixidas a sectores concretos: medios de comunicación, monitores de tempo libre, conservatorios de música e promoción musical, mundo da publicidade, asociacionismo, comunidades relixiosas, profesionais da medicina, do dereito, do sector do comercio, etcétera.
- Actuacións nas outras administracións (estado, concellos, deputacións, facenda, xustiza, militares...)
- Campaña para normalizar definitivamente o uso correcto dos topónimos.
- Campañas dirixidas ás grandes empresas (telefonía, petroleiras, eléctricas, grandes áreas comerciais...)
- Primar ás que desenvolvan a súa actividade en galego (de forma planificada e non puntualmente como sistema para acadar unha subvención)
- Potenciar que os medios de comunicación sexan transmisores de contidos culturais locais, con dimensión galega e xerais dende unha perspectiva non dependente. (Hoxe, sintonizar unha emisora ou ollar un xornal, á parte da lingua, semella un eco distante de formulacións enfocadas para outros contextos)

### **3. Etapa de transición**

#### **3.1. Prazo**

A etapa de transición terá unha duración máxima de 5 anos.

A efectos de cómputo de materias nesta etapa de transición pártese da consideración de novas áreas non galeguizadas previamente, tomando como referencia a situación na que estea cada centro ó inicio do período transitorio e avanzando a partir dese punto.

No tocante ás actividades de carácter extraescolar coidarase que a súa planificación responda ós mesmos criterios normalizadores asumidos nas propostas curriculares de cada centro. Así mesmo, pola influencia que ten na normalización lingüística, todo labor administrativo, de comunicacións internas ou coa comunidade e institucións... realizarase en galego.

#### **3.2. Soporte específico**

Durante este período de transición cómpre poñer en marcha unha serie de iniciativas encamiñadas a sensibilizar á sociedade en xeral, e ós diferentes sectores da comunidade educativa en particular, dos beneficios do proceso normalizador e das posibilidades do modelo proposto. O impulso do traballo coordinado dos ENL nos seus distintos marcos de actuación (nacional, comarcal e de centro) sería un dos eixes de apoio cara a este obxectivo principal.

Paralelamente é imprescindible impulsar todas aquellas medidas encamiñadas a promover unha mellor capacitación nos ámbitos pedagóxico, sociolingüístico e cultural do profesorado, e doutros axentes implicados no proceso normalizador.

Neste sentido, o impulso da formación inicial e permanente do profesorado, o asesoramento e incentivos ós centros escolares, así como a dotación de medios e recursos para a dinamización do proceso, en cantidade e

calidade suficientes, teñen unha importancia capital.

#### **3.3. Medidas transitorias para as diferentes etapas**

##### **3.3.1. Educación Infantil e Primaria**

Dado que o Plano que poña en práctica o modelo que acabamos de enunciar empezará a aplicarse sistemáticamente cos nenos e nenas que ingresen por primeira vez no sistema educativo, haberá varios grupos de alumnos e alumnas (os que xa estean integrados nos diferentes niveis educativos no momento actual) que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.

Ó longo de cinco anos estableceranse por parte dos Equipos de Normalización dos Centros e baixo a coordinación e asesoramiento dos ENL de ámbito comarcal, e no seu caso, do ENL de carácter nacional, aquelas estratexias que permitan unha transición progresiva da situación actual á etapa terminal do modelo.

En calquera caso, esas estratexias sempre tomarán en consideración o punto de partida (maior ou menor grao de normalización acadado ata ese momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquellas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.

Así, nos actuais niveis de Educación Infantil e primeiro ciclo de Primaria (se se trata de grupos non iniciais) respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións semellantes ás propostas no apartado anterior para estas idades.

No segundo e terceiro ciclo de Primaria debe afondarse na liña de consolida-lo galego como lingua vehicular, partindo dos mínimos obligatorios (dúas áreas) e incorporando progresivamente ó longo deste tempo ás areas necesarias ate acada-los niveis previstos no modelo proposto.

### **3.3.2. Educación Secundaria (E.S.O. e E.S.P.O.)**

Como nas etapas anteriores e partindo do estricto cumprimento dos mínimos legais establecidos iranse incorporando progresivamente novas materias ata acadar, na perspectiva dos cinco anos, os obxectivos enunciados no modelo.

En calquera caso, deberá tenderse a unha progresiva galeguización curso a curso. Serán os Equipos de Normalización dos Centros, asesorados e coordinados polo ENL comarcal e, no seu caso polo ENL nacional, os encargados de planifica-lo proceso de incorporación de novas materias en galego, considerando a traxectoria propia de cada centro.

### **3.3.3. Universidade**

Durante o período de transición estipulado no modelo (no que se procurará que todo docente consiga a suficiente competencia oral e escrita do idioma), impartiranse un mínimo dun 30% dos créditos de cada curso en lingua galega, quedando as materias á escolla dos Consellos dos Departamentos en coordinación coas Xuntas de Facultade correspondentes, quen, segundo as circunstancias de cada caso, irán ampliando progresivamente esta proporción ata chegar ó horizonte previsto no modelo.

Igualmente, durante este período impulsaranse moi especialmente todas aquelas medidas encamiñadas a conseguir da comunidade universitaria unha mellor competencia en lingua galega e unha actitude máis favorable ó proceso normalizador. A dotación de medios e recursos, tanto documentais como audiovisuais e informáticos, así coma o asesoramento e apoio ós labores de docencia e investigación no idioma propio de Galicia, serán elementos especialmente considerados.

MODELO DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA  
PARA O SISTEMA  
EDUCATIVO GALEGO



Coa colaboración:



COMISIÓN EUROPEA  
DIRECCIÓN XERAL XXII  
EDUCACIÓN FORMACIÓN E XUVENTUDE

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas específicamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Reconecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE INDUSTRIA, TURISMO  
Y COMERCIO



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

plan  
avanza,,